

BANDO

TERMALISMO SOCIAL 2019



Persoas beneficiarias e requisitos:

- Pensionistas do sistema da Seguridade Social e ter cumpridos os 60 anos de idade (ou 55 no caso de Viuvez).
- Non padecer alteracións de comportamento que impidan a normal convivencia, nin enfermidade infecto-contaxiosa.
- Poder valerse por si mesma/o para as actividades da vida diaria.
- Precisar os tratamentos termais solicitados e carecer de contraindicación médica para a recepción dos mesmos.
- Acadar de conformidade coa valoración establecida a puntuación que lle permita acceder a un dos balnearios e quendas solicitadas

Beneficios do Programa:

As quendas terán unha duración de 12 ou de 10 días cada unha comprendendo os seguintes servizos: Aloxamento e manutención en réxime de pensión completa e en habitacións dobres de uso compartido; Tratamentos termais que comprenderán: recoñecemento médico ao ingresar no balneario; o tratamento termal que, en cada caso, prescriba o médico do balneario; o seguimento médico do tratamento con informe final; e Póliza colectiva de seguro.

Documentación:

Se a temporada pasada a persoa solicitou praza e reunía os requisitos para participar no programa, o IMSERSO remitiralle por correo un modelo simplificado para a renovación da súa solicitude.

No resto dos casos:

- Solicitude, na que se cubrirán todos os datos requiridos, tanto da/o solicitante como da/o cónxuxe ou acompañante cando proceda.
- Fotocopia do DNI da/o solicitante e do cónxuxe ou acompañante se procede
- Tipo e importe exacto da pensión mensual

Prazos de Solicitude:

- ata o **11 de xaneiro** para as quendas de febreiro a agosto.
- ata o **18 de maio** para as quendas de setembro a decembro.

As solicitudes poden rexistrarse dixitalmente polas persoas interesadas na web do IMSERSO no enlace

<https://sede.imserso.gob.es/Sede/portal/procedimientos/formProgramaTermalismo.seam>

Para máis Información e presentación de solicitudes poden dirixirse ao **Servizo Social Comunitario** deste Concello os **luns, de 10 a 14 horas, e martes e venres de 9 a 14 horas.**

Pontecesures, 13 de decembro de 2018

O ALCALDE,

Juán Manuel Vidal Seage



CONCELLO DE
PONTECESURES

CONCELLO DE PONTECESURES